

# las piedras

a) Cal foi a principal achega de Feuerbach? A principal achega de Feuerbach foi a denuncia da relixión como autoalienación, como desdobramento do mundo en dous: o terreal e o celestial. Porque, para Feuerbach, Deus non é máis que a proxección da esencia humana fóra de si. Son os seres humanos os que crean a Deus, non ao revés. Pois a imaxe de Deus é construída polos seres humanos co mellor de si mesmos, como unha proxección idealizada das súas mellores calidades e aspiracións, pero que xa non reconece como propias. Non hai máis Deus que o ser humano. Non hai máis mundo que este mundo. Non hai máis Teoloxía que a Antropoloxía. b) Cal é a tarefa emprendida por Feuerbach? A tarefa de Feuerbach foi “reducir o mundo relixioso ao seu fundamento terreal”, tomando conciencia do mesmo como alienación. Feuerbach pensa que basta con comprender que a relixión non é máis que alienación do mundo humano, que se desdobra ilusoriamente, para superala e reducir así o ámbito relixioso ao puramente terreal. c) Por que Marx considera insuficiente a análise de Feuerbach? Marx considera que a análise da relixión de Feuerbach é insuficiente, porque non descobre as raíces das que brota, as causas que a producen, nin a función que cumpre. Esas raíces son, para Marx, a propia “escisión interna do mundo terreal”, a miseria e explotación da vida material dos seres humanos. A alienación relixiosa brota da alienación económica da vida material, causada pola propiedade privada dos medios de produción, na medida en que esta deshumaniza ao ser humano reducíndoo a un “animal de carga” e sumíndoo na miseria da explotación económica. Nesa situación, o desdobramento relixioso do mundo trae resignación e consolo coa esperanza ilusoria dunha vida futura. Por iso a relixión non é máis que “opio do pobo” que pretende facer soportable a miseria terreal. d) Cal é a verdadeira tarefa a realizar segundo Marx? A tarefa para Marx consiste en descubrir e desvelar criticamente á alienación económica da vida material humana, “comprender a súa propia contradición interna”, para poder así transformala na práctica, “revolucionala”. A alienación humana non desaparecerá se non se transforman realmente na práctica as condicións materiais que a provocan, que en definitiva é a propiedade privada. De nada serve o descubrimento teórico de que a relixión é unha alienación se non se revolucionan as condicións materiais das que nace.